

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de setembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTE:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dez de setembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1678).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 20 de agosto de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1679).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/1784, 1427.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Arturo Vieira Simóns. Expte. 1427/12.
- D. Antonio Freire Pujales. Expte. 13/1784.

3(1680).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONONÁUTICA PARA ORGANIZAR A NOVENA PROBA DE CAMPEONATO GALEGO DE MOTOS ACUÁTICAS O 15.09.07 NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 7153/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Federación Galega de Motonáutica a organizar o vindeiro día 15 de setembro de 2007 a Novena Proba do Campeonato Galego de Motos Acuáticas e a cuarta proba do campeonato galego de embarcacións neumáticas que se desenvolverá na praia de O Vao dende as 16.00 horas ata as 20.00 horas.

4(1681).- CONVALIDACIÓN DE GASTO EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 3013/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral acctal, do 4.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 28.08.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 16/2007 da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, con data no Rexistro Xeral o día 21 de agosto de 2007, por un importe total de 18.865,41.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar á Infancia durante o periodo comprendido entre o 5 e o 31 de xullo de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 18.865,41.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar á Infancia durante o periodo comprendido entre o 5 e o 31 de xullo de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

3º.- Aboar á “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 18.865,41.-€, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

5(1682).- RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE 23.05.07 POLO QUE ADXUDÍCASE O CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 72171/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 30.08.07, conformado polo concelleiro de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

A adxudicación do contrato foi realizada á entidade DORNIER, S.A., e notificado o acordo interpoñen recursos de reposición as empresas que participaron na licitación ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., API CONSERVACIÓN, S.A. e EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, ESYCSA e SETEX APARKI, S.A., que unha vez tramitado o procedemento establecido son informados o 3 de agosto de 2007 conxuntamente polo equipo técnico do Sector de Mobilidade e Seguridade que obra no expediente, non obstante unha copia incorpórase ó presente informe e dáse íntegramente por reproducido, no que tras analizar detalladamente unha por unha o contido das alegacións contidas nos recursos plantexados, son puntualmente rebatidas e acreditan que son inxustificablre e dedúcese:

1.- Non se considera que as alegacións formuladas por ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. desvirtúen o contido dos informes que serviron de base para a adxudicación do concurso e non afectan ó resultado da proposta elevada ó órgano de contratación pola Mesa de Contratación.

2.- Que as alegacións presentadas por API CONSERVACIÓN, S.A. e EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, ESYCSA, deben ser desestimadas na súa totalidade.

3.- Que as alegacións presentadas por SETEX APARKI, S.A. deben ser desestimadas na súa totalidade.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación do concello e autor do acordo recorrido, a adopción do seguinte ACORDO

Desestimar polas razóns de contido técnico, económico e xurídico expostas no informe de 3 de agosto de 2007, redactado polo equipo técnico do sector de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo os recursos de reposición interpostos polas entidades ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., API CONSERVACIÓN, S.A. e EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, ESYCSA E SETEX APARKI, S.A. contra o precedente acordo de 23 de maio de 2007 polo que se adxudica o contrato da Xestión do Servizo Público do estacionamento regularod mediante expendedores de etiquetas na vía pública á empresa Dornier, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1683).- RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL E DATA 21.05.07 QUE ADXUDICA O CONCURSO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN DO TRÁFICO MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN E POSTERIOR EXPLOTACIÓN DE SEIS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO E OUTRO ANEXO PARA RESIDENTES EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE. EXPTE. 72151/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno e o titular da Asesoría Xurídica, do 5.09.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

-TRLCAP.- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

-LRXPAC.- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

-C.Civ.- Código Civil.

-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do concurso para a xestión do servizo público de ordenación do tráfico mediante a construción e posterior explotación de seis aparcadoiros subterráneos e outro anexo para residentes.

ANTECEDENTES:

En datas do 6 de xullo de 2007 e 17 do mesmo mes preséntanse no Rexistro Xeral do Concello os recursos de reposición citados no encabezamento.

No primeiro recurso interposto criticase, entre outros aspectos, o informe que en data 30 de Xaneiro de 2007 emitiron o Titular desta Asesoría Xurídica e o Secretario Xeral do Pleno referente á interpretación dos criterios de adjudicación núms. 1 e 5 da cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así mesmo menciónase o informe da Asesoría Xurídica de data 8 de Xaneiro de 2007 referente á solvencia técnica dunha empresa licitadora.

Con data 3 de setembro o concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, mediante orde de servizo, solicita do titular da Asesoría Xurídica e do secretario xeral do Pleno informe-proposta referente ós recursos presentados.

O contido do presente informe-proposta refírese principalmente ós dous aspectos mencionados, é dicir, a aqueles nos que se intervíu directamente,.

Con data 26 de xullo os asinantes deste informe-proposta emitiron outro anterior a requirimento do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos. O presente informe é substancialmente similar ó realizado en xullo complementándoo.

En cumprimento do art. 112 da Lei 30/1992, os escritos de recurso puxéronse de manifesto a todos os interesados mediante o seu traslado ó obxecto de que, no prazo de dez días, formulasen as alegacións e presentasen os xustificantes que estimasen conveniente.

INFORME:

1.- O amplo escrito de recurso da UTE APARKVIGO comeza manifestando que a adxudicación acordada pola Xunta de Goberno Local en data de 21.05.2007 efectuose, “quizais polas presas”, (sic) sen a previa aprobación do correspondente proxecto e sen o seu replanteo o que supón, a xuízo do recurrente, ademais da indispoñibilidade dos terreos, a conculcación do previsto no art. 122 do TRLCAP determinando elo a nulidade do acordo de adxudicación.

O motivo de recurso debe desestimarse, non se sostén. En efecto, o precepto invocado, o art. 122, advirte dos trámites previos que deben seguirse nun expediente de contratación de obras que, como non pode ser de outro xeito, require da aprobación dun proxecto de execución e do seu replanteo, previsión que se repite con mais detalle no art. 129.

Pois ben, esquece o recurrente, quizais polas presas, que non estamos ante un contrato de obras senon ante un contrato de xestión de servizos públicos con execucións de obras, modalidade contractual prevista no art. 158.2 do TRLCAP, o que é substancialmente diferente. As actuacións preparatorias deste contrato típico aparecen recollidas neste precepto, non no 122, e entre elas non figura a necesidade da aprobación de ningún proxecto de execución nin o seu replanteo, tan só fala da aprobación dun anteprojecto de explotación e das obras precisas, trámites que, como consta no expediente, foron debidamente cumprimentados.

Ningún proxecto de execución pode aprobarse pola Xunta de Goberno Local nin replantearse e elo por una sinxela razón: porque tales proxectos de execución non existen. En efecto, é o propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ó que no seu artigo 5.2 indica que estes documentos deberán ser redactados polos concesionarios de ámbolos dous lotes no prazo dos tres meses seguintes á data de formalización do contrato, prazo hoxe prorrogado. Será nesa data e non antes cando, previa supervisión pola Oficina Técnica e previo informe técnico, se proceda á aprobación do proxecto polo órgano de contratación e o seu replanteo posterior, momento no que poderán comezar as obras dos distintos aparcadoiros. Que elo é así, inclusive nos expedientes de contratación de obras, sinálao o segundo parágrafo do art. 122 cando fala de expedientes de contratación para a adxudicación conxunta de proxecto e obra e dí: “No suposto de adxudicación conxunta de proxecto e obra a execución desta quedará condicionada á supervisión, aprobación e replanteo do proxecto pola Administración”.

2.- Continua o escrito de recurso manifestando que, co peculiar informe interpretativo do Secretario Xeral do Pleno e do Titular da Asesoría Xurídica e a conformidade outorgada ó mesmo pola Xunta de Goberno Local procedeuse á modificación encuberta do Prego. Neste senso indica que a interpretación que se realiza no informe é interesada e que se efectua así por unha soa razón: “A necesidade de que algunha oferta puntue”. Estas graves afirmacións, de ser certas, deberían calificarse como arbitrarias e polo tanto especialmente reprochables en funcionarios públicos.

Nada mais lonxe dese escenario soñado que, sendo benévolos, entendemos froito, non dunha maledicencia, senón dun descoido, dun deslíz, consecuencia lóxica da lixeireza e da iconsciencia xurídica na que se move o recurrente.

De opinión inesperada –por desesperada– ou de mera ocorrencia é a calificación que merece a imaxinativa –non pode negarse– interpretación que do criterio obxectivo de valoración número 1 (25 puntos) efectua o recurrente cando, na páxina 6 do seu escrito, manifesta: “...el pliego [literalmente] determina que solo puntuen ofertas cuya

tarifa media fraccionaria sea menor a la media de las tarifas fraccionadas del conjunto de las proposiciones...”, neste senso advirte que a puntuación que deben obter oito das once ofertas concursantes é de CERO PUNTOS. Admite como correcta a outorgada a APARKVIGO: 24,54 PUNTOS.

Trala xenial idea resulta forzoso seguir lendo. O Prego, segundo a transcripción que o propio recorrente efectua, di o seguinte: “Por este concepto adxudicaranse 25 puntos á tarifa media menor, o resto das ofertas valoraránse proporcionalmente á baixa ofertada na tarifa media fraccionaria”. É dicir, mediante unha regra de tres simple inversa dado que a menor tarifa máis puntuación (magnitudes inversamente proporcionais).

O Prego o que non dí é o que dí o recorrente que dí. É mais, nin siquiera lendo repetidas veces o antes transcrito os asinantes deste informe-proposta son capaces de achegarse mínimamente á conclusión da interpretación literal invocada, polo que só cabe unha conclusión: o recorrente non só descoñece a técnica xurídica -sería disculpable- tamén descoñece a gramática, en concreto o significado das palabras “literal” e “literalidade”. Isto é grave. A aritmética tamén, como agora veremos, inda máis grave.

En definitiva, ratifícamonos integramente na interpretación razoada e razoable que, encamiñada a unha mellor satisfacción do interese público, consta no noso informe de data 30 de xaneiro de 2007, interpretación que, aínda que innecesaria dada a claridade do Prego, tivo a súa orixe en certas dúbidas que foron resoltas co exclusivo fin de aunar criterios na ampla pluralidade de funcionarios intervincentes e procurar unha maior seguridade e certeza xurídica na resolución final do órgano de contratación. Aproveitar este e outros actos de trámite internos – especialmente emisión de informes aclaratorios- para, a través deles, construír non só a totalidade da argumentación do recurso interposto senon inclusive toda unha teoría conspirativa –necesidade de que alguha oferta puntue- conculca os principios de boa fé e confianza lexítima (art. 3.1 LRXPAC) e avoca a esta Administración a evitar en futuros expedientes que se instrúan trámites análogos, escenario que non debe producirse. Reiteramos que ó concepto de “tarifa media” non se refire á media aritmética que podería resultar da suma das distintas tarifas medias ofertadas polos licitadores, dividida polo número destes (11). Nada diso dí o Prego. Refírese as tarifas medias de cada oferta pois estase a falar delas. En efecto, o parágrafo terceiro do apartado 1 do artigo 14.B do Prego define literalmente, é dicir, letra a letra, o concepto de “tarifa media fraccionaria” así: “Atoparase a tarifa media fraccionaria (cada minuto ou fracción) dos tres aparcadoiros de cada lote ponderando o número de prazas rotatorias neles existentes do seguinte xeito:

Aparc. Nº1: x nº de prazas rotatorias . tarifa fraccionaria = x'

Aparc. Nº2: y nº de prazas rotatorias . tarifa fraccionaria = y'

Aparc. Nº3: z nº de prazas rotatorias . tarifa fraccionaria = z'

Tarifa Media Fraccionaria = $x' + y' + z'$: $x + y + z$

Reiterámonos tamén no que xa se apuntaba no noso informe de data 30 de xaneiro: “Fálase de tarifa media porque en cada lote existen tres aparcadoiros que poden ter tarifas distintas”.

Que elo é como indicamos demostrao, sen querelo, o propio recorrente cando sen dubidar acepta que a súa puntuación no criterio nº 1 no Lote I sexa 24,54 PUNTOS.

En efecto, a tarifa media fraccionaria da oferta da UTE APARKVIGO calculada segundo a fórmula que determina o Prego ($x'+y'+z':x+y+z$), é de 1,705 cts/min. a menor tarifa media fraccionaria das once ofertas que concorreron á licitación, calculada do mesmo xeito, é de 1,675 cts/min. deducíndose o seguinte:

Se a 1,675 cts/min lle corresponden25 puntos
a 1,705 cts/min lle corresponderánX puntos,
de onde, $1,675:1,705=25:X$; Inversa: $1,675:1,705=X:25$; $X=24,54$ puntos.

En fin, parece ser que a puntuación da oferta da UTE APARKVIGO no criterio núm. 1 pode calcularse como establece o Prego, as das demais empresas licitadoras non. Teoría curiosa. Sorprendente.

De conformidade co exposto debe desestimarse este motivo de recurso.

3.- Solvencia técnica. O artigo 13.A.c).1 do prego de cláusulas administrativas particulares, no seu penúltimo parágrafo indica que, “Os servizos ou traballos realizados acredítanse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente; cando o destinatario tivese sido un suxeito privado mediante certificado expedido por este; a falta de certificado, mediante unha declaración do empresario”.

A solvencia técnica das empresas aparece configurada no TRLCAP como un soporte fundamental do sistema de selección das adxudicatarias dos contratos administrativos e permite ó órgano de contratación identificar cales son as empresas idóneas mediante a definición dos medios de apreciación obxectiva previstos no art. 19 do TRLCAP,

Os servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos non implican de ningún xeito, nos contratos de xestión de servizos públicos, que tales servizos ou traballos teñan concluído pois xeralmente o período de concesión destes servizos públicos, a diferenza do que ocorre nos contratos de obras, é moi elevado (20, 30 anos ou máis), polo que dificilmente os licitadores poderán acreditar a súa experiencia aportando, como se dun contrato de obras se tratara (art. 17.6 TRLCAP), e como erroneamente define o prego, un “certificado de boa execución” ou “unha declaración do empresario”, feitos ambos de imposible cumprimento que, en consecuencia, esixen dunha interpretación adecuada e racional.

Dende a observancia do principio de concorrencia (art. 11.1 TRLCAP) e dende unha visión obxectiva da definición dos medios de apreciación da solvencia, débese entender suficiente para acreditar a experiencia requirida a presentación por parte dos licitadores de “unha relación dos principais servizos ou traballos realizados” previsión contemplada no artigo 19.b do TRLCAP, documentación que consta na proposición presentada pola mercantil PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. Será a través do detido estudo desta relación onde, a Mesa de Contratación primeiro e o órgano de contratación despois, comprobarán se a experiencia que xustifica a empresa licitadora é ou non suficiente para levar a bo termo e con garantía suficiente o obxecto do contrato.

No suposto que nos ocupa e como se pon de manifesto no informe do titular da Asesoría Xurídica de data 8 de xaneiro, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., acredita a súa solvencia técnica para ser admitida como licitadora no proceso concursal mediante a realización, entre outros, de contratos análogos licitados polo Concello de Santiago de Compostela e, aínda máis, polo propio Concello de Vigo (Pazo de Congressos). De todos é coñecida a doutrina do precedente administrativo e a dos actos propios “venire contra factum proprium non valet”. É dicir, se no prazo inferior a un ano o Concello de Vigo admite e mesmo adxudica á referida empresa un contrato

de similares características, non pode racionalmente negarse ou descoñecerse á mesma empresa, que non ten modificado a súa actividade, a súa solvencia técnica, a súa experiencia, para ser admitida na licitación. En definitiva, non cabe negar a súa experiencia mediante unha interpretación discriminatoria, interesada e imposible do clausulado do prego que rexe a contratación da que estamos a falar, e iso porque a interpretación das normas (e os pregos sono), debe realizarse no sentido máis axeitado para que produzan efectos; arts, 1281 e seguintes do Código Civil.

En conclusión, debe entenderse axustada a dereito a decisión no seu día adoptada pola Mesa de Contratación e ratificada polo órgano de contratación que entendeu suficiente a solvencia técnica acreditada por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., tralo estudo da relación dos principais servizos ou traballos levados a cabo nos últimos tres anos entre os que se atopan outros de características idénticas ou similares, algún deles adxudicado polo Concello de Vigo e hoxe en día incurso en execución.

A maior abundamento, aínda que innecesariamente, tamén pode afirmarse que a experiencia é un dos medios a ter en conta para a apreciación da solvencia técnica pero non o único, debendo valorarse tamén outros que o prego expresamente cita como é a descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato. Pode en consecuencia entenderse que a acreditación da solvencia requirida tamén se xustifica por este medio sen que con isto se infrinxa a normativa de aplicación onde non consta expresamente que tal solvencia teña que ser acreditada necesariamente por ambos medios (experiencia e cadros empresariais da execución do contrato), dada a falta de precisión e detalle que neste aspecto se observa no prego de condicións. Neste sentido é de observar o sinalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura na súa S. nº 2019/2001.

De conformidade co exposto debe desestimarse este motivo de recurso.

4 .- No que se refire ás dimensións e características das plazas de aparcamento, as teses do recorrente tampouco poden prosperar. Tentan demostrar, utilizando unha linguaxe acusador, o incumprimento das características esixidas no Prego de Prescripcións Técnicas. Pois ben, ignóranse interesadamente os informes que obran no expediente emitidos a instancia da Mesa de Contratación que deixan meridianamente claro (informe de data 27.03.2007 do Adxunto ó Director dos Servizos Técnicos) o cumprimento por parte da adxudicataria dos mencionados requisitos, entre estes o referido á “altura libre do piso”. A eles remitímonos.

5 .- En canto á suposta existencia dunha baixa temeraria na oferta presentada pola mercantil PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A., o informe do Xefe dos Servizos de Investimentos do Concello do 7 de maio de 2007, explica a inexistencia da referida baixa.

Incorre, unha vez mais, o recorrente no erro de calificar o presente contrato como de concesión de obra pública cando, como xa queda dito, estamos diante dunha figura xurídica contractual distinta , a de xestión de servizo público en réxime de concesión con execución de obra, con todas as peculiaridades que a referida calificación comporta.

6.- Cumprimento das normas urbanísticas do Plan Xeral de Ordeación Urbana. En canto ás observacións urbanísticas aludidas, convén recordar que obra no expediente documentación acreditativa do acomodo da presente contratación á legalidade urbanística, segundo o previsto nos apartados “3.3.2.b.2.” e “3.2.3.2.e.2.” do Plan Xeral vixente , aprobado definitivamente no ano 1993. Á mesma conclusión nos levan a Sentenza do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia no RCA 4862 / 2003, resolto por Sentenza firme do 9 de Febreiro de 2007 e a Sentenza do Tribunal Supremo do 6 de outubro de 2003 (Casación 1221/1998, RJ 2003/7070).

Convén recordar, así mesmo, que no Apartado 5.7.18 da normativa do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado provisionalmente por Acordo plenario municipal do 19 de Maio de 2006, establécese unha previsión similar sobre a posibilidade xenérica de empazar aparcamentos públicos baixo espazos de dominio público.

Por todo o anterior, entendemos que debe desestimarse na súa totalidade o recurso de reposición presentado pola UTE APARKVIGO.

O recurso presentado por ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A., entre outras cuestións, advirte que a oferta da UTE ELOYMAR-TRANVIAS contén incumprimentos do prego, conculca a normativa de accesibilidade ó incrementar en 1 grao a pendente máxima permitida (2%) e presenta serias deficiencias estruturais e de proxecto (incremento da altura da rasante no aparcadoiro de Pintor Colmeiro). Finalmente o escrito de recurso critica determinadas observacións realizadas polos técnicos informantes respecto da súa oferta que supuxeron, ó seu xuízo, menor puntuación da que lle podería corresponder.

Os motivos de recurso non poden prosperar. En primeiro lugar débese facer constar que os proxectos presentados son básicos polo que as súas solucións non son definitivas ó ser estas susceptibles de ser modificadas sen desvirtuar os plantexamentos substanciais do básico.

En canto ás deficiencias estruturais e de proxecto, referidas esencialmente ó aparcadoiro localizado na rúa Pintor Colmeiro, os técnicos no seu día informantes non apreciaron incremento de altura das rasantes, non obstante no suposto de que así fose, deberá ser, como xa se ten dito, o proxecto de execución quen resolva esta problemática, mesmo contemplando o prego a coordinación do proxecto constructivo e de urbanización. Finalmente debe indicarse que no informe emitido que consta no expediente, referido á calidade e fiabilidade do proxecto, non se menciona que as ramplas interiores proxectadas nos distintos aparcadoiros pola UTE ELOYMAR-TRANVIAS incumpran o previsto no prego de prescricións técnicas.

En virtude dos razonamentos efectuados, PROPONSE ó órgano resolutivo, Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar na súa totalidade os recursos interpostos en base ós fundamentos xurídicos expostos.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós interesados/recorrentes facendo constar que esgota a vía administrativa, podendo interpoñerse contra o mesmo, no prazo dos dous meses seguintes á data da súa notificación, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1684).- ADXUDICACIÓN DA SUBAHASTA PARA ENAXENACIÓN DE 41 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1858/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 4.09.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a favor de Vigoto Uno, S.L. (desguaces Vigototal) por un importe de 5.189 euros 41 vehículos relacionados no expediente 1858/241 para seren destinados a chatarra.

8(1685).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 8548/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 6.07.07, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, a concelleira da Área de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 233.548 € para a prestación dos servizos de Contratación dos servizos do programa educativo municipal "Vigo por dentro". Lote A Monitoraxe e comunicación; Lote B Transporte que se imputarán á partida presupuestaria 422.0.227.06.05 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de Contratación dos servizos do programa educativo municipal "Vigo por dentro". Lote A Monitoraxe e comunicación; Lote B Transporte.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación Ordinaria.

9(1686).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1573/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 3.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes

D. Francisco Javier Rodríguez Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de abril de 2007, no que expón que o día 23 de febreiro de 2007, cando circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 9555-DSJ, pola avenida del Puente, ó pasar polo paso inferior da estrada nacional 120, o vehículo viuse atrapado ó estar o paso anegado de auga.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 23/02/2007 no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atopan o vehículo do Sr. Rodríguez atrapado pola inundación; igualmente proceden a desatascar os sumidoiros para a evacuación de auga e fan constar que a vía na que ocorreu o accidente pertence á C.O.T.O.P.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/07/2007, no que indican que o titular do vial non é o Concello de Vigo senón a C.O.P.T.O.P.V.

Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 13/08/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- De acordo co parte de inspección do servizo de vías e obras, de data 22 de xuño de 2007, o titular da “Avenida del Puente” é a Consellería de política territorial, obras públicas e transporte da Xunta de Galicia. Á vista deste dato, temos que concluír que, dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, carece de lexitimación pasiva neste procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do mesmo.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco Javier Rodríguez Iglesias, ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin haber asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma.

2º.- Dar traslado do presente expediente á Consellería de política territorial, obras públicas e transporte da Xunta de Galicia ós efectos oportunos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1687).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A PRAZAS DE CABO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17429/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de organizaicón, da Unidade de Persoal, do 5.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear funcionarios en prácticas, con cargo a 4 prazas vacantes de Cabo do Servizo Extinción de Incendios, ós seguintes aspirantes propostos polo tribunal cualificador e que superaron todas as fases do proceso selectivo da referida oposición e que son os que de seguido se indican:

- 1º.- D. HÉCTOR SOAGE BERMÚDEZ, NIF 36.105.268-Y, que obtivo 22,875 puntos.
- 2º.- D. JOAQUÍN FUENTÉS DOMÍNGUEZ, NIF 53.173.718-H, que obtivo 20,550 puntos.
- 3º.- D. RAFAEL ROMERO IGLESIAS, NIF 52.490.251-L, que obtivo 20,225 puntos.
- 4º.- D. JUAN CARLOS ILLÁN LOMBAO, NIF 33.329.187-W, que obtivo 20,025 puntos.

2º.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo un cargo no servizo de Extinción de Incendios deste Concello, como no presente caso, no que continuarán percibindo as retribucións que teñan recoñecidas.

3º.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o seguinte ao da recepción do presente acordo”.

11(1688).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN CATEGORÍA DE CONDUCTOR. EXPTE. 2031/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.09.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.09.07, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario do Servizo de Xuventude, D Jose Alvarez Riveiro, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 178.20 € , correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00- “Productividade”.

12(1689).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE XUÑO E XULLO 2007. EXPTE. 17481/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.09.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.08.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes aos meses de XUÑO E XULLO-2007, e que ascenden a un total de 1,244'80 € (MIL DOUSCENTOS COARENTA E CATRO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”

13(1690).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES Ó MES DE XULLO 2007. EXPTE. 17482/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.09.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.08.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Iván Abalde Casanova da Policia Local e rematan por don Delmiro Vilanova Acuña do servizo de Cemiterios, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 107.834'81 € (CENTO SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS)con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XULLO de 2007”.

SERVICIO	IMPORTE
POLICÍA LOCAL	54,571'84
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	39,535'50
ALCALDÍA	421'70
CONSERXERÍA	11'55
PARQUE MÓBIL	2,763'75
PARQUE CENTRAL	1,634'75
DESINFECCIÓN (Xuño e Xullo)	3,313'80
ELECTROMECAÑICOS (Xuño)	541'10
BIBLIOTECA CENTRAL (Xuño)	75'40
MUSEO (Maio)	439'85
IMD (Xuño)	199'11
CEMITERIOS (Xuño e Xullo)	4,326'46
TOTAIS	107,834'81

14(1691).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE MARZO E XULLO DE 2007. EXPTE. 17511/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.09.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 3.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de MARZO XUÑO-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comezan por Don Francisco Abreu Torres e remata por don Modesto Vazquez PAzo, por un total de 996'00 horas.

Policia Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Ivan Abalde Casanova e rematan por don Juan Manuel Vivero Mijares, por un total de 1,198'75 horas .

Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1,329'00 horas.

Inspección de Vías e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comenza por don Benito Barciela Simón e remata por don Ramon Vazquez Rial, por un total de 113'00 horas.

Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comencan por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 58'00 horas.

Desinfección, relación que se achega no expediente e que comencan por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 120'00 horas.

Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comenza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 196'30 horas.

Conserxería, relación que se achega no expediente de horas realizadas por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 78'00 horas.

Relacions Publicas, relacion que se achega no expediente de horas realizadas por D Amantino Fernandez Fernandez e remata por D Eduardo Perez Dominguez, por un total de 8'00 h

Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Cue e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 314'00 horas.

Parque Central, relacion que se achega no expediente e que comenza por D Miguel Angel Fernandez Gonzalez e remata por D J Alfonso Perez Fernandez, por un total de 405'00 h

O montante do presente expediente ascende a un total de 39,370`64 € .

15(1692).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO EVAP (EQUIPO DE VIXIANCIA E APOIO POLICIAL - PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO), FEBREIRO-AGOSTO DE 2007. EXPTE. 17514/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 6.09.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 4.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de abril de 2007, adoptou o acordo de ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DO OPERATIVO DE PROTECCIÓN DE VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO (EXPTE. 17135/220.), dacordo aos seguintes importes, previo informe do xefe do servizo acreditativo de que realizaron as funcións obxecto desta produtividade:

- *Cabo: 300 € mensuais*
- *Axente: 250 € mensuais*

O concepto retributivo de produtividade serviría para recompensar ó especial rendemento e dedicación que se lles esixe aos funcionarios participantes, xa que, según o informe do Inspector Xefe da Policia Local de data 28 de novembro de 2006, esta funcións realízanse a maiores do servizo policial que venían desenvolvendo e as veces teñen lugar fora do seu horario de traballo correspondente

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo

Con data 12 de xuño de 2007, recibese informe do Inspector Xefe da Policia Local, D Carmelo del Castillo, co conforme do concelleiro delegado da Area , no que se solicita o aboamento da devandita produtividade, correspondente aos meses de febreiro, marzo, abril e maio, aos funcionarios D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170, Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122, D. Jose Armando Garcia Veiro, nº de persoal 76478, D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103, pola realización das funcións propias da EVAP, no periodo mencionado.

Con data 12 de xullo de 2007, recibese informe do Inspector Xefe da Policia Local, D Carmelo del Castillo, co conforme do concelleiro delegado da Area , no que se solicita o aboamento da devandita produtividade, correspondente ao mes de xuño, aos funcionarios D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170, Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122, D. Jose Armando Garcia Veiro, nº de persoal 76478, D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103, pola realización das funcións propias da EVAP, no periodo mencionado.

Con data 1 de agosto e 4 de setembro de 2007, recibese informe do Superintendente Xefe da Policia Local, D Carmelo del Castillo, co conforme do concelleiro delegado da Area, no que se solicita o aboamento da devandita produtividade, correspondente aos meses de xullo e agosto de 2007 respectivamente, aos funcionarios D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170, Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122, D. Jose Armando Garcia

Veiro, nº de persoal 76478, D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103, pola realización das funcións propias da EVAP, no período mencionado

Polo anteriormente exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

Recoñecer ao persoal que se relaciona, un complemento de produtividade referido ao período febreiro-agosto de 2007, pola súa participación na protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero segundo os importes que se indican

	NOME	PERIODO FEBREIRO-AGOSTO
Cabo	José Manuela Vázquez Varela, nº de persoal 18170	2100.00 €
Axente	Lucía Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122	1750,00 €
Axente	José Armando García Veiro, nº de persoal 76478	1750,00 €
Axente	Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103,	1750.00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1693).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.